

# PROXECTO LECTOR



CEIP PLURILINGÜE  
MANUEL MURGUÍA

CURSO 2019-2020

## Proxecto Lector de Centro

### PROXECTO LECTOR DE CENTRO

1. XUSTIFICACIÓN .....	3
2. CONTEXTO .....	3
3. OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO DA LECTURA .....	4
3.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	6
3.2 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA.....	6
3.3 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA.....	7
3.4 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA. ....	7
4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES .....	8
4.1 EDUCACIÓN INFANTIL.....	8
4.2 EDUCACIÓN PRIMARIA .....	8
4.2.1 PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA.....	10
4.2.2 TERCEIRO, CUARTO, QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA .....	11
5. OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO .....	12
5.1 MATEMÁTICAS .....	12
5.2 COÑECEMENTO DO MEDIO .....	13
5.3 EDUCACIÓN FÍSICA PLURILINGÜE.....	13
5.4 EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA E MÚSICA) .....	14
5.5 INGLÉS .....	14
6. AVALIACIÓN .....	14
6.1 VALORACIÓN DOS HÁBITOS LECTORES DOS ALUMNOS/AS. ....	14
6.2. VALORACIÓN DENDE A EXPERIENCIA DOCENTE.....	16
7. BIBLIOTECA DE CENTRO .....	18
8. BIBLIOTECA DE AULA.....	19
9. RECOMENDACIÓN PARA QUE OS PAIS E NAIS TRABALLEN A LECTURA COS/COAS SEUS/SÚAS FILLOS/AS.....	19

## Proxecto Lector de Centro

### 1. XUSTIFICACIÓN

É un feito difícil de discutir que as habilidades lectoras son importantes para a consecución dunha formación integral da persoa. Moitos das aprendizaxes que os nenos realizan na súa etapa escolar e que máis adiante lles axudarán a desenvolverse na sociedade como adultos conséguense a través da lecto-escritura.

Así pois, o Plan de fomento da lectura constitúe unha das liñas fundamentais da filosofía do noso centro. Desde o centro cremos que o valor de lectura é insubstituíble, pois a lectura estimula a imaxinación e axuda ao desenvolvemento do pensamento abstracto. Todos os sectores da comunidade escolar, especialmente o profesorado de todas as áreas curriculares, debe implicarse no desenvolvemento da comprensión lectora, chegando a unha serie de acordos que permitan que o camiño sexa máis sinxelo, a tarefa máis gratificante e os resultados os mellores posibles.

Este feito xustifica a necesidade de elaborar un Plan de Fomento da Lectura que recolla desde a forma en que pretendemos que o noso alumnado se achegue á aprendizaxe da ferramenta da lecto-escritura ata o modo no que imos tentar despertar nel o gusto por ler, inventar historias, escribilas e contarllas aos demais. Neste proceso é moi importante o labor do mediador. Esta tarefa recae tanto no equipo docente como nas familias.

### 2. CONTEXTO

O centro emprázase nunha zona que aínda que pertence ao concello de A Coruña, ten moitas características rurais: o tipo de hábitat, a ocupación laboral dalgúns habitantes, a paisaxe, o tipo de construción, etc.

Xeograficamente está enmarcado no extremo suroeste do concello de A Coruña, limítrofe co concello de Arteixo.

Ata hai uns anos foi unha zona pouco poboada, e cunha densidade moi inferior á que presenta o resto do concello, pero a construción de máis de 3.000 vivendas en Novo Mesoiro, fixo que esta aumentara considerablemente. Así, o número de alumnos/as que solicitan este colexio aumenta ano tras ano; de feito, estes últimos anos houbo máis demanda de oferta de prazas.

A lingua materna entre as persoas coetáneas en moitos fogares segue a ser a galega, pese a que cada vez hai máis que utilizan o castelán.

O Colexio dispón dunha biblioteca bastante ben dotada, dadas as características do colexio. Fai préstamos para as bibliotecas de aula, organiza exposicións de novidades ou doutro tipo, publica folletos con libros recomendados, e actos de contacontos.

## Proxecto Lector de Centro

As bibliotecas municipais tamén colaboran co Colexio, organizando periodicamente eventos que serven de estímulo aos rapaces/zas.

### 3. OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO DA LECTURA

O obxectivo xeral que englobará o Plan Lector será o seguinte:

- ✚ Desenvolver habilidades e hábitos lectores mediante recursos que potencien a creatividade, a autonomía e a satisfacción persoal pola lectura.
- ✚ Ademais traballaranse os seguintes obxectivos:
  - ✚ **Referidos aos docentes:**
    - ✚ Organizar os recursos humanos e materiais para conseguir a máxima rentabilización dos mesmos.
    - ✚ Comunicar, informar e gozar cos textos escritos.
    - ✚ Desenvolver nos alumnos estratexias para ler con fluidez, entoación e comprensión adecuadas á intención do texto.
    - ✚ Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos para obter a información pertinente e desenvolver os pasos necesarios para atopar a solución adecuada.
    - ✚ Utilizar estratexias de comprensión lectora para obter información.
    - ✚ Desenvolver a comprensión e expresión oral conforme ao momento evolutivo do alumno.
    - ✚ Utilizar as bibliotecas de aula para a procura de información, aprendizaxe, disfrute e expresión de sentimentos e ideas.
    - ✚ Implicar a pais e nais no Plan lector.
  - ✚ **Referidos aos alumnos:**
    - ✚ Utilizar a biblioteca para a procura de información, aprendizaxe e como fonte de pracer. Ler con fluidez e a entoación adecuada.
    - ✚ Exercitar a atención e a memoria.
    - ✚ Prestar e recibir libros da biblioteca de aula e de centro.

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Ampliar o vocabulario.
- ✚ Pronunciar correctamente.
- ✚ Aprender a escoitar.
- ✚ Expresarse oralmente con corrección e coherencia.
- ✚ Utilizar o dicionario.
- ✚ Mellorar a ortografía.
- ✚ Aprender a buscar información na internet.

É importante dentro deste apartado de obxectivos incluír o tipo de xéneros de textos que imos utilizar. Dentro das consideracións teóricas do Plan Lector explíctase o importante papel que teñen os contos polo seu contido, a súa estrutura e o seu vocabulario no desenvolvemento das habilidades lingüísticas. Menciónase tamén no mesmo documento a necesidade de ir introducindo ao alumnado noutras posibilidades da narrativa así como na lírica e o teatro.

No desenvolvemento que deste Plan Lector farase cada curso escolar, é a nosa intención que o tipo de textos mencionados no parágrafo anterior ocupe unha parte importante daqueles a traballar. Co fin de cubrir as diferentes intencións comunicativas (informativas, iniciativas, lúdicas e expresivas) faremos usos doutros textos:

### ***Outros tipos de textos para traballar a lectura :***

- ✚ Periódicos e revistas.
- ✚ Folletos e libros de divulgación.
- ✚ Anuncios e propaganda.
- ✚ Circulares, taboleiro de anuncios.
- ✚ Listas, etiquetas, horarios, impresos oficiais...
- ✚ Carteis.
- ✚ Enciclopedias, dicionarios, atlas, menús...
- ✚ Relatos realizados polos propios nenos:
  - Imaxinarios
  - De actividades complementarias.
- ✚ Cartas, postais, correo electrónico.

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Entrevistas.
- ✚ Receitas de cociña.
- ✚ Regulamentos, normas de xogos ou deportes.

Doutra banda, debemos deixar constancia de que, aínda que a maior parte das actividades encamiñadas ao desenvolvemento deste plan utilizarán o soporte impreso, non esqueceremos o uso das novas tecnoloxías e o aproveitamento que ferramentas como Internet, ofrécennos tanto para a procura de información como para a comunicación con outras persoas.

### 3.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL

- ✚ Estimular a habilidade visual.
- ✚ Espertar o interese polos libros.
- ✚ Iniciar a aprendizaxe lectora.
- ✚ Ler e interpretar pictogramas e imaxes.
- ✚ Ordenar de xeito secuencial viñetas relacionadas cun conto.
- ✚ Contar detalles dos contos e memorizar poemas.
- ✚ Representar o argumento do conto ou dalgunha secuencia, a través da expresión corporal e oral.
- ✚ Recoñecer a biblioteca como lugar de busca de información e consulta.
- ✚ Xerar hábitos de responsabilidade e coidado dos libros a través de préstamo.

### 3.2 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA.

- ✚ Gozar do pracer da lectura.
- ✚ Ler de forma adecuada diferentes tipos de textos escritos (fluidez, comprensión e entoación).

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Desenvolver estratexias para mellorar a habilidade lectora.
- ✚ Utilizar a biblioteca e aprender a sacarlle partido a esta.
- ✚ Formar parellas de lectura cooperativa para fomentar a escoita activa.
- ✚ Dramatizar contos, poesías, diálogos, conversacións para potenciar a expresión oral, entoación e comunicación.
- ✚ Levar a cabo ditados de diferentes tipos de textos (narracións, poesías, cancións, etc.) para que se familiaricen cos mesmos.
- ✚ Fomentar a comprensión lectora utilizando a linguaxe matemática como recurso, a través de problemas, conceptos e actividades.
- ✚ Tomar conciencia das regras básicas de ortografía e do seu correcto uso.

### 3.3 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA.

- ✚ Ler diferentes tipos de textos de maneira fluída coidando o ritmo, a entoación e a articulación.
- ✚ Realizar unha lectura comprensiva, sendo capaces de deducir a mensaxe do texto.
- ✚ Desenvolver o gusto pola lectura, fomentando o uso das bibliotecas do centro e de aula, así como o préstamo de libros.
- ✚ Mellorar a velocidade lectora.
- ✚ Tomar conciencia das regras básicas de ortografía e do seu correcto uso.

### 3.4 OBXECTIVOS DO PLAN LECTOR EN QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA.

- ✚ Desenvolver no alumnado estratexias para ler con fluidez, entoación e comprensión adecuadas á intención do texto.
- ✚ Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade. Utilizar a lectura como medio para ampliar o vocabulario e usar a ortografía correctamente.
- ✚ Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de disfrute e información, á vez que de enriquecemento persoal.

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Utilizar as bibliotecas do centro e de aula para a procura de información e aprendizaxe.

### 4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Queremos que este documento sirva para plasmar a programación do Plan Lector no noso centro, pero á súa vez, considerámolo unha ferramenta útil de guía e consulta para todo o profesorado. Deste xeito reflectimos neste apartado unha serie de actividades que han de servir para levar a cabo o programa con maior éxito.

#### 4.1 EDUCACIÓN INFANTIL

- ✚ Uso da biblioteca de aula.
- ✚ Fomentar a biblioteca de centro a través do roteiro de libros.
- ✚ Animación á lectura por parte de pais e profesores.
- ✚ Visita ás aulas de autores de literatura infantil e ilustradores.
- ✚ Dramatización de contos curtos.
- ✚ Plasmar os contos a través de distintas técnicas artísticas.
- ✚ Resolver historias temporais a través das escenas do libro.
- ✚ Reflexión e discusión acerca dalgunhas das escenas das historias.
- ✚ Ilustración das personaxes dos contos.
- ✚ Aprender poesías, cancións, rimas.
- ✚ Traballar oralmente o folclore infantil: actividades de recitado de poesías e trabalinguas, cantado de cancións, contar contos, anécdotas, relatos ...

#### 4.2 EDUCACIÓN PRIMARIA



## Proxecto Lector de Centro

O Plan Lector ten que estar reflectido en todas as áreas. É evidente que a lectura ofrece unha chave que pode abrir moitas portas do coñecemento. Ademais disto a lectura obrigatoria de textos achegará ao programa un seguimento máis exhaustivo. Por iso, ofrecemos unhas pautas ou propostas xerais para toda a etapa de Educación Primaria.

### ***PROPOSTAS XERAIS PARA TODA A ETAPA***

- ✚ Uso da biblioteca de aula
- ✚ Uso da biblioteca de centro.
- ✚ Elaboración dun horario de biblioteca para fomentar o uso da biblioteca de centro.
- ✚ Lectura obrigatoria dos libros suxeridos polos profesores ou elixidos polos alumnos de cada nivel.
- ✚ Realización de distintos traballos sobre esas lecturas.
- ✚ Animación á lectura por parte de pais e profesores.
- ✚ Visita ás aulas de autores de literatura infantil e ilustradores.
- ✚ Dramatización de contos curtos.
- ✚ Escribir contos.
- ✚ Contar contos aos propios compañeiros.
- ✚ Aprender poesías, cancións, rimas.
- ✚ Escribir e ler cartas, receitas de cociña, etc.
- ✚ Lecturas en silencio.
- ✚ Lecturas en voz alta.

A autonomía de cada profesor e o seu singular modo de fomentar a lectura nos seus alumnos é de gran importancia. A parte disto, queremos achegar algunhas pautas metodolóxicas para levar a cabo as actividades relacionadas co Plan Lector. Cremos que estas suxestións e as que cada profesor achegue axudarán á consecución dos obxectivos que están marcados.

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Preguntas previas e formulación de propósitos.
- ✚ Mirada preliminar e predicións baseadas na estrutura dos textos.
- ✚ Discusións e comentarios.
- ✚ Tormenta de ideas.
- ✚ Lectura en voz alta aos alumnos.
- ✚ Pensar en situacións análogas a episodios do texto e vividas por eles.
- ✚ Dramatizar as escenas do texto creando os diálogos.
- ✚ Describir aos personaxes; imaxinar como se sente fronte a unha situación dada.
- ✚ Entrevistar a un personaxe do texto. Preparar a entrevista.
- ✚ Escribir unha carta, unha mensaxe, un diario de vida poñéndose no lugar do personaxe.
- ✚ Situar na época, lugar ou momento no cal transcorre a historia.
- ✚ Dramatizar o texto a través de monicreques, teatro de mimos, marionetas.
- ✚ Traballar agrupando en parellas para que parafraseen un texto por quenda.
- ✚ Coevaluar a produción explicitando o que lle gustou a cada un.
- ✚ Utilizar organizadores gráficos para: identificar a información importante do texto, buscar as relacións que se establecen entre as ideas principais e os detalles que as sustentan, identificar os termos e/ou conceptos craves. Tipo: causa/efecto, analogía/contraste, orde temporal: liña de tempo, problema/solución, podendo utilizar os distintos recursos TIC dos que dispón o Centro.
- ✚ Xogar coa linguaxe para desenvolver a imaxinación e fantasía.
- ✚ Facer xogos fonéticos coas palabras.

### 4.2.1 PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Co obxectivo de que sirvan como guía, ofrecemos algúns exemplos de actividades que se poden realizar en Primeiro e Segundo de Primaria:
- ✚ Xogo de Dígao con mímica : un neno imita unha acción (por exemplo: lavar pratos, tomar auga, bañarse, etc.) e os demais deben poñer en palabras o que está a facer o compañeiro.
- ✚ Lectura de parellas cooperativas: en parellas comparten un libro e segundo van lendo o que segue a lectura está pendente do compañeiro, de maneira que se este equivócase ao ler a parella avísalle cun suave toque no ombreiro e sinalando onde estaba o erro. Concurso de poesías, cancións e adiviñas.
- ✚ Xogo da lista da compra : En grupos: pensamos que cousas poderíamos comprar no supermercado para esta semana, ou para cociñar determinada comida, etc. e escribímola.
- ✚ Anotar os aniversarios dos alumnos no almanaque.
- ✚ Inventar un conto entre todos e escribilo.
- ✚ Lotería de imaxes con palabras.
- ✚ Ordenar oracións.
- ✚ Ensalada de palabras: o profesor saca unha tarxeta cunha palabra e os nenos buscan as palabras que empecen coa mesma letra, ou da mesma familia.

### 4.2.2 TERCEIRO, CUARTO, QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA

Co obxectivo de que sirvan como guía, ofrecemos algúns exemplos de actividades que se poden realizar nos cursos de terceiro, cuarto, quinto e sexto de Primaria:

- ✚ Fichas para a comprensión lectora do libro.
- ✚ Resumos.
- ✚ Inventar finais distintos.
- ✚ Inventar unha historia a partir de varios personaxes.
- ✚ Elaboración de contos a partir de frases.
- ✚ Procura de sinónimos e antónimos.

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Sopas de letras.
- ✚ Ordenar parágrafos.
- ✚ Manexo do dicionario.
- ✚ Asociar palabras con distintas definicións.
- ✚ Expresión de sentimentos a partir de situacións do libro.
- ✚ Debuxar escenas do libro.
- ✚ Formular preguntas do tipo que pasaría se?
- ✚ Ensalada de fábulas.

## 5. OUTRAS ÁREAS DO CURRÍCULO

Nas programacións de aula concretaranse as actividades destinadas a mellorar a lectura, tendo en conta a particularidade de cada materia. Establecemos unha serie de suxestións que poden ser aplicadas nas distintas áreas e servirían para o fomento da lectura.

### 5.1 MATEMÁTICAS

A resolución de situacións problemáticas é unha boa actividade para a consecución dos obxectivos que este plan expón. A modo de guía, á hora de abordar esta tarefa, pódense seguir os seguintes pasos:

1. Que me di o problema?: os alumnos teñen que pensar en que me conta o problema, que datos teño e a que teño que responder.
2. Debuxo e poño os datos: os alumnos deben evitar escribir moito texto.
3. Que me preguntan?: os alumnos deben pescudar a que teñen que responder, se teñen todos os datos, se lles falta algún e se ten que xuntar, quitar, etc...
4. Lembro as operacións que teño que levar a cabo: sumar, restar, multiplicar ou dividir. Respondo á pregunta e penso se o resultado é posible.

## Proxecto Lector de Centro

5. Repásoo todo.
6. Felicítome.
7. Se me equivoquei penso por que e a próxima vez fareino máis amodo.

### 5.2 COÑECEMENTO DO MEDIO .

- ✚ Propoñer actividades sobre un glosario de termos de cada unidade.
- ✚ Búsqueda de información en distintos soportes.
- ✚ Realizar unha procura guiada do autor na internet.
- ✚ Elaboración de atlas.
- ✚ Elaboración de murais de unidades didácticas.
- ✚ Mapas conceptuais.
- ✚ Elaboración dun caderno de campo baseado na observación.
- ✚ Táboas comparativas de características.

### 5.3 EDUCACIÓN FÍSICA PLURILINGÜE.

- ✚ Postas en común de actividades e xogos.
- ✚ Lectura de regulamentos dos deportes en clase.
- ✚ Memorización e recitado das regras dun xogo sinxelo.
- ✚ Xogos interculturais: a través da lectura, comprensión e explicación posterior, situarase xeográfica e culturalmente diferentes países, xogos e situacións doutros países e/ou lugares de España.
- ✚ Lectura de temas relacionados coa alimentación, hixiene e saúde

## Proxecto Lector de Centro

### 5.4 EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA E MÚSICA)

#### *ACTIVIDADES PARA MÚSICA E PLÁSTICA PLURILINGÜE*

- ✚ Crear murais e libros comúns.
- ✚ Dado un texto escrito ou a audición do mesmo, representar a historia nun debuxo.
- ✚ Lectura de cancións en voz alta.
- ✚ Contos musicais. Poesías, rimas e trabalinguas.
- ✚ Traballar o folclore musical e plástico.

### 5.5 INGLÉS .

Lectura adaptada ao nivel lector. A continuación da lectura pódense realizar diferentes actividades dependendo do libro lido, tales como presentacións da historia en vídeo, representar con marionetas a historia escoitada, elaborar unha copia conxunta do libro lido, traballar técnica cooperativa ,resumo do libro para a elaboración dun póster-recordatorio común, actividades en grupo ( cada membro do grupo ten asignado un rol - interviewer, storyteller, ilustrator, dictionary e matcher- e tamén unha tarefa. Cando se termina o libro faise un proxecto que pode ter diferentes formatos: powerpoint, debates, presentación oral.

## 6 AVALIACIÓN

### 6.1- VALORACIÓN DOS HÁBITOS LECTORES DOS ALUMNOS/AS.

A tarefa coa que debemos iniciar o Proxecto Lector consiste en coñecer a relación que manteñen os alumnos/as de Educación Primaria coa lectura.

Podemos utilizar diversas maneiras de recompilar información ao respecto. Unha opción é organizar debates sobre o tema. Así, o titor/a ou mestre/a pode formular preguntas do tipo: *Que pasaría se non existisen os libros? E se ninguén escribise historias para os*

## Proxecto Lector de Centro

*demais? Que sucedería se, de súpeto, todo o mundo se esquecese de ler? Que pasaría se só tivesen ou mercasen libros unhas poucas persoas?*

Outra maneira de coñecer os hábitos lectores é redactar un cuestionario, unha batería de preguntas que revele conclusións xerais sobre condutas lectoras. A continuación propónse unha enquisa que pode servir de modelo:

AVALIACIÓN INICIAL	Si / Moitos	Algo / Algúns	Non / Nada / Case nunca
1. <u>Gústache ler?</u>			
2. <u>Hai na túa casa libros que che gusten?</u>			
3. <u>Tés un libro na túa mesa de noite?</u>			
4. <u>Estiveches algunha vez na biblioteca pública?</u>			
5. <u>Vas á biblioteca do colexio?</u>			
6. <u>Gústache visitar librerías?</u>			
7. <u>Agasállanche libros a miúdo?</u>			
8. <u>Pides que che agasallen libros?</u>			
9. <u>Os teus pais/nais len na casa?</u>			
10. <u>Len libros, ademais do periódico?</u>			
11. <u>A túa familia ámate a ler?</u>			
12. <u>Sínteste na obriga de ler?</u>			

## Proxecto Lector de Centro

<u>13. Les a miúdo cos teus pais/nais ou irmáns?</u>			
<u>14. Gozas comentando as túas lecturas?</u>			
<u>15. Gústanche máis os cómics que os contos?</u>			

<b>Avaliación inicial</b>	<b>Respostas abertas</b>
<u>16. Onde che gusta ler?</u>	
<u>17. Ler paréceme... (aburrido, divertido, etc)</u>	
<u>18. Encantaríame ler historias sobre...</u>	
<u>19. Cantas horas les á semana?</u>	

Cómpre dicir que a aplicación da enquisa non debe ser un trámite; adecuarase a un protocolo que asegure a súa eficacia. Por iso **teremos en conta** as seguintes notas:

- a) Consensuar entre todos un formulario definitivo a partir do que se inclúe arriba, cambiando a súa redacción para adaptalo ás características dun grupo determinado.
- b) Pasar o cuestionario polos cursos, baixo a supervisión do titor/a de cada un.
- c) Sistematizar os datos a través de porcentaxes, gráficas, etc.
- d) Traballar máis ou menos nas diferentes propostas do plan de lectura, por parte dos mediadores, segundo as carencias que detecte a enquisa.
- e) Avaliar os froitos de proxecto coa mesma enquisa, xa que se ideou como ferramenta para describir hábitos lectores, e podemos comprobar a evolución comparando os resultados iniciais e finais.

### 6.2.- VALORACIÓN DENDE A EXPERIENCIA DOCENTE.



## Proxecto Lector de Centro

Ao mesmo tempo que se sondan hábitos de lectura por medio de preguntas directas, non estaría de máis que os mediadores precisaran que carencias observan entre os nenos/as, nunha serie de reunións convocadas ao efecto polo coordinador/a. Así non confiarán unicamente o seu diagnóstico inicial ás respostas dadas polos destinatarios do plan. É dicir, dende a práctica e a experiencia educativa concretarán as dificultades que advirten nestas etapas para poder sopesalas e idear con certas garantías propostas de intervención.

Os mediadores docentes valorarán se hai desinterese, lagoas na comprensión lectora, erros de pronunciación, fallos na interpretación dos signos de puntuación...

### 6.3.- DESCRIPCIÓN DOS RECURSOS QUE POSÚE O CENTRO.

Tendo en conta que contamos cunha biblioteca que está perfectamente informatizada e inventariada, poderemos avaliar se estamos a quitarlle partido aos recursos dos que dispoñemos. Se os resultados son negativos, modificaremos o sistema empregado, sempre co consenso dos sectores implicados.

A continuación enuméranse **aspectos a avaliar na biblioteca e na aula de informática**, a fin de orientar a descrición dispoñible e axilizar a súa mellora:

- ✚ Sobre o espazo:
  - Mobiliario adecuado: número e tipo de mesas, cadeiras, expositores, etc.
  - Iluminación, ambiente, decoración.
  
- ✚ Sobre a xestión da biblioteca:
  - Horarios de consulta e préstamo.
  - Difusión de actividades e horarios.
  - Vínculos coas bibliotecas de aula.
  - Relación con bibliotecas públicas de preto.
  - Participación de alumnos/as, pais/nais e docentes.
  
- ✚ Sobre a xestión dos fondos bibliográficos:
  - Fondos bibliográficos actualizados para diferentes niveis ou ciclos.
  - Material audiovisual, CD-ROM.
  - Revistas e publicacións periódicas.
  - Folletos de solicitude de libros.
  - Catálogos informatizados.
  - Guías de lectura (por eixes transversais, por temática, por xénero, etc.)
  
- ✚ Sobre a avaliación da biblioteca:
  - Elaboración da memoria anual, onde se incluíría: un informe sobre o uso da biblioteca, as actividades realizadas e propostas de mellora.

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Sobre os equipos:
  - Número de ordenadores, características, prestacións, accesorios.

### 7. BIBLIOTECA DE CENTRO

- ✚ Hora de ler .Primeira das actividades que se fixo dentro do noso proxecto lector. Durante 20 min diarios (despois do recreo) o alumnado ten un tempo de recolleto, de intimidade para introducirse na lectura. Para que esta actividade non caia na monotonía, de cando en vez, varíase, facendo lectura colectiva ou escoitan ler ao adulto. Tamén se emprega este tempo para presentar actos relacionados coa lectura a nivel de todo o centro ou para actividades do proxecto PLAMBE.
- ✚ Mochila viaxeira. Unha actividade moi ben acollida que serve de acercamento das familias ao centro a través da lectura. Unha experiencia motivadora onde pais, fillos, irmáns, avós... comparten libros e música que activan a mente de todos eles.
- ✚ Exposicións .Os libros saen da biblioteca, igual que nas anteriores actividades, para encher os corredores e acercar o seu contido ao alumnado. Contos, poesía, teatro, libros de información...que poden ser tocados, lidos e levados á aula polos profesores ou os alumnos.
- ✚ Busca de información .É importante ensinar ao alumnado a buscar información para dar resposta ás súas inquedanzas, saber onde atopala, ser quen de discernir entre a boa ou mala información, ... deste xeito alcanzariamos unha das competencias básicas que consideramos fundamental para a formación do alumnado: Aprender a aprender.
- ✚ Recomendación de libros .Elabóranse trípticos de recomendacións lectoras en Nadal e verán.
- ✚ Formación do profesorado para a utilización do programa Meiga,de préstamo de libros.
- ✚ Apertura da biblioteca,na franxa do período de lecer,para o préstamo de libros na que interveñen todo o alumnado do centro en quendas.Tamén poden facer uso da biblioteca para ler,buscar información...
- ✚ Apertura da biblioteca en horario de 16:00 a 17:00 horas,de martes a venres,para toda a etapa de Educación Primaria,como un lugar de traballo, búsqueda de información e desfrute de libros.

## Proxecto Lector de Centro

- ✚ Formación do alumnado de sexto curso de Primaria para que traballen coma voluntarios de biblioteca, axudando á recomendación de libros e colocación dos mesmos .
- ✚ Elaboración de carnés de biblioteca individuais para todo o alumnado e profesorado do centro.

### 8 . BIBLIOTECA DE AULA

Para crear as bibliotecas de aula, existen varias opcións que cada profesor-titor escolle segundo as súas necesidades.

- ✚ Os mestres elaboran unha listaxe de libros que son rexistrados no programa Meiga. Estes libros, son subidos ás aulas de Educación Infantil para o seu uso. Mensualmente varían os títulos para seren utilizados no seu recuncho ou para facer roteiros entre o alumnado.
- ✚ Os títulos expurgados da biblioteca do centro, son utilizados en moitos casos para complementar e ampliar esta biblioteca de aula.
- ✚ Nalgunhas ocasións, o alumnado comparte títulos da súa casa para facer un roteiro co seu grupo-clase.

### 9. RECOMENDACIÓNS PARA QUE OS PAIS E NAIS TRABALLEN A LECTURA COS/COAS SEUS/SÚAS FILLOS/AS.

- ✚ Rodea ao teu fillo de libros.
- ✚ Trata de manter libros na túa casa para que o teu fillo lea.
- ✚ Os libros comprados en librerías poden ser caros, pero lembra que sacar libros prestados da biblioteca do colexio, non custa nada.
- ✚ Permite que o neno elixa os seus propios libros. Ler o que lle interesa é unha forma de promover o hábito da lectura.

## Proxecto Lector de Centro

### ESTRATEGIAS.

- ✚ Anima ao teu fillo para ler outro libro. Atopa a maneira de animar ao teu fillo para ler. Se lle gusta un libro, busca outro cun tema similar ou do mesmo autor.
- ✚ Facer quendas para ler. Cando o teu fillo saiba ler, pídelles que che lea en voz alta todos os días. Así, poderédesvos rotar: ti les unha páxina e o neno a seguinte.
- ✚ Fai conexións coa vida do teu fillo. Axúdalle a conectar o que le nos libros co que ocorre na vida. Se len un libro sobre a familia, menciona por exemplo en que se parece ou se diferencia o que ocorre no conto ao que ocorre na súa familia.
- ✚ Incentiva ao neno para ler. Anima ao teu neno para ler á hora de deitarse. Ofrécelle escoller entre ler ou durmir. A maioría dos nenos elixe ler, a condición de que non se lles ofrezca algo máis tentador (como a televisión).
- ✚ Trata distintos tipos de libros e revistas. Anima ao teu fillo para ler distintos tipos de libros, artigos ou contos. Hai revistas que os nenos poden ler, pero revisa antes o seu contido e empeza a ensinar aos nenos para ler dunha forma crítica e reflexiva.
- ✚ Leva ao teu fillo a contacontos, teatros, librarías, bibliotecas públicas, exposicións, actos culturais, etc.